



*Segunda foto oficial do CORO DE RUADA,
tomada en Peliquín en 1920*

[Foto J. Pacheco; dossier particular de Virxilio Fernández]

EMILIO RODRÍGUEZ PORTABALES

Ourense, 1953

Vicepresidente Primeiro da CORAL DE
RUADA.

Valentín Paz-Andrade

e o Coro De Ruada



EMILIO RODRÍGUEZ PORTABALES

Antecedentes

Despois do éxito acadado na súa presentación ao público ourensán o 24 de xuño de 1919 no Salón Apolo, o CORO DE RUADA foi convidado a ofrecer varios concertos: Allariz, Mondariz, Pontevedra (na homenaxe dos coros galegos a Perfecto Feijóo), Pobra de Trives, Monforte e Verín.

No mes de marzo de 1920, volve actuar en Ourense, no Salón Apolo de novo, ofrecendo inicialmente dous festivos nos que, ademais das cantigas do CORO, representábanse varias obras de Xabier Prado "Lameiro" e estreábanse uns decorados do escenógrafo ferrolán Camilo Díaz Baliño. O éxito foi enorme, de xeito que, a petición de numeroso público que non puidera asistir a esas dúas funcións, tivo que programarse unha nova.

Os éxitos acadados chegaron aos oídos do coñecido empresario ourensán Isaac Fraga, que acudiu a Ourense coa proposta de facer unha xeira polas principais cidades de Galicia con estes espectáculos. Deste xeito, ámbalas dúas partes acordaron o programa inicial seguinte: 3, 4 e 5 de abril en Vigo; 6 en Pontevedra; 7 e 8 en Santiago, 9 e 10 en Ferrol; 12, 13 e 14 na Coruña e 15 en Lugo.

No teatro Odeón de Vigo teñen lugar, tal como estaba previsto, as tres primeiras funcións da xeira, co teatro cheo. Constituíron un gran éxito, tanto de público como de crítica.

O día 6, seguindo a programación inicial, DE RUADA debuta no teatro Principal de Pontevedra abarrotado de público, polo que houbo que programar unha nova función para o día seguinte, producíndose a primeira modificación do calendario previsto. Repetiuse na cidade do Lérez o éxito acadado en Vigo.

Actuación en Santiago

A prórroga dun día en Pontevedra e outro de descanso, fan que DE RUADA chegue a Compostela dous días despois do previsto inicialmente, coa intención de ofrecer dúas funcións –9 e 10 de abril– no teatro Principal. O éxito foi de tal magnitude que, como xa pasara en Pontevedra, víronse obrigados a dar unha función máis o día 11.

Pero a estadía do CORO DE RUADA en Santiago ía dar lugar a dúas actividades paralelas ás actuacións que serían moi gratificantes para a expedición ourensá e terían grande repercusión na prensa galega.

En Santiago estíbese a celebrar o Ano Santo e DE RUADA tiña previsto gañar o Xubileo. Deste xeito, os compoñentes do CORO acudiron a mañá do sábado, día 10 de abril, á Catedral compostelá onde o cura ourensán, capellán do rexemento de Zaragoza, D. David Araujo oficiou unha Misa para os ruadistas na propia cripta do sepulcro.

Despois, abrazaron ao Apóstolo e pasaron pola Porta Santa lucindo a medalla dos peregrinos. Pola noite ofrecerían a segunda función.



Dúas imaxes do Paseo da Bóveda ou da Ferradura na Alameda compostelá tomadas nos primeiros anos do pasado século.



A última xornada en Compostela foi moi intensa, xa que, ademais do festival de despedida ofrecido pola noite, o CORO DE RUADA quixo ofrecer unha agarimosa homenaxe a Rosalía Castro antes de abandonar Santiago.

Para iso, a mediodía do domingo, a expedición ruadista trasladouse até o monumento a Rosalía que se atopa no paseo de Bóveda ou da Ferradura da Alameda compostelá, onde conseguiu arrastrar a gran cantidade de ourensáns e santiagueses. Rey Alvite describe perfectamente este acto na súa crónica para o *Faro de Vigo* publicada o mércores, día 14, na que tamén se fai eco do extraordinario éxito de DE RUADA na súa función de despedida:

1. Fabriciano Iglesias Abella, un dos fundadores do Coro De Ruada e director escénico.

2. José Gómez Posada-Curros (¿?, 1901 – Vigo, 1996). No ano 1920 era estudante na Facultade de Dereito de Santiago e era membro da xunta directiva da Xuventude Nazionalista de Santiago, que presidía Valentín Paz Andrade.

SANTIAGO Homenaje a Rosalía Castro por el coro "De Ruada"

El domingo, a la una de la tarde, celebróse el anunciado homenaje del coro "De Ruada" a la inmortal poetisa.

Seguidos de numerosísima concurrencia se trasladaron los coristas desde el teatro a la rotonda del paseo de la Herradura, donde el monumento a Rosalía se levanta. Desde el pedestal de éste, el secretario de la colectividad coral Sr. Iglesias¹, leyó una cuartilla de bella prosa, como saludo y ofrenda del coro orensano a la cantora del Sar. Dicha cuartilla fue escrita por el joven escolar Sr. Posada Curros².

Seguidamente y a instancias de los forasteros, hizo uso de la palabra el presidente de la "Xuventude Nazionalista de Santiago", Valentín Paz Andrade, que comenzó saludando a la que con el alma iluminada y el corazón trémulo les acercaba al altar de la Patria Gallega, para recibir la comunión espiritual de las cumbres milagrosas del genio de la raza. Dijo que en los ecos de sus cantos traían los nuevos *airiños* que corren ahora rizando los verdores de las campiñas gallegas, los girones palpitantes del alma del pueblo y las ansias levantadas y viriles de "os vós [bos] e xenerosos".

Cantó a la nueva Galicia libre y a la juventud fuerte y conquistadora, de entendimiento abierto a todas las modernas vibraciones del pensamiento y corazón encendido en fuego pasional.

Terminó su brioso discurso haciendo una invocación a Rosalía, como musa y madre, santa y señora y pidiéndole un soplo de su númen para aliento de la mocedad luchadora y una mano de bendición santificante para los que cantan a sus pies.

El muy aplicado alumno de último año de Derecho Sr. Paz Andrade fue calurosamente aplaudido al final y durante su improvisada oración.

Las bellas chicas del coro depositaron ramos de flores sobre la estatua y finalmente se cantó el himno a Galicia, de Veiga y Pondal, entre aclamaciones del público.

La función de la noche que fue la tercera de su visita a Compostela, resultó un éxito más ruidoso que los anteriores.

Se les aplaudió a los orensanos con verdadero calor.

El lunes salieron para la Coruña.

REY ALVITE

Como se pode apreciar pola crónica de Jesús Rey Alvite, tratouse dun fermoso acto de afirmación galeguista no que cobran especial protagonismo dous estudantes (escolares, segundo os cronistas) da Facultade de Dereito: José Gómez Posada-Curros e Valentín Paz-Andrade directivo e presidente, respectivamente, da "Xuventude Nazionalista" de Santiago.

Non teño datos do motivo da presenza destes dous xoves galeguistas no acto, pero penso que non é moi arriscado aventurar unha hipótese: A "Xuventude Nazionalista" naceu baixo a tutela das Irmandades da Fala –ou, cando menos, coa súa aprobación– polo que os membros de ámbalas dúas organizacións tiñan unha relación moi fluída. Por outra banda, Xabier Prado "Lameiro" pertencía ás Irmandades da Fala de Ourense, polo que penso que foi este o impulsor da presenza no acto dos dous estudantes. Téñase en conta, ademais, que as "Xuventudes Nazionalistas" estaban a iniciar a súa andaina –foran creadas unhas semanas antes– e este acto supoñía para eles un bo escaparate ante un público moi receptivo ás mensaxes de tipo galeguista.

Como relataba Rey Alvite no artigo que acabamos de coñecer, o acto comezou coa lectura, por parte do secretario de DE RUADA, Fabriciano Iglesias, de *"una cuartilla de bella prosa, como saludo y ofrenda del coro orensano a la cantora del Sar. Dicha cuartilla fue escrita por el joven escolar Sr. Posada Curros."*



Monumento a Rosalía Castro no Paseo da Ferradura da Alameda de Santiago.

Ofrenda a Rosalía de Castro

"Rosalía: Ante a túa estatua, Musa d'a Poesía, os fillos d'a galega patria tecen o máis sinxelo homenaxe qu'as súas y almas tolas poden adicarche, Reiseñor d'Iria, a d'as "Follas Novas", a meiga cantora d'os grandes feitos, a que d'o canto algareiro un pranto tristeiro sempre fixo!

Istos mozos qu'a túa veira chegan c'al novos romeiros d'un arte trunfal despertan creentes a vida lixeira d'a loita, baixo o relente d'a súa enerxía que e moita, e agarimando tremantes un santo ldeyal. Nos queremos que Galicia resurxa e non sexa afogada c'a bruxa creenza de "terra malfadada". E ista terra que ademira e que feitiza nón pode ser mais tempo a "cincenta", o qu'hoxe e Galicia. Xa ves gran cantora, o que ti adeprendeches, cómo berra agora: son os fortes alentos d'a mocidade que señalando a inxustisa pregan: jamade a Galicia, amade...!

E ós nosos espíritus barudos hastra estonces mudos ván tecendo unha ramaxe de feitura esgrevia con toda a iluseón d'a nosa canción salayante e algareira; tremante cántiga sempre bruante que xa sóa na eira, na fábreca, no taller, no bufete... ali donde un home traballa. E por ista ramaxe xeitosa e esgrevia que ti garimosa comenzache a tecer e o cativo homenaxe d'os fillos d'un pobo d'a vella Suevia que relebrando o teu paisaxe, sempre terá de sér. Pro abonda de palabra que vós xá sabedes d'a malenconía d'a súa poesía, d'o sentimentalismo que garda o séu ritmo, d'a fonda tristura d'e sua amargura, d'o séu agarimo... po-lo tanto, rapaces d'Ourense, galegos ferventes de cote sin fachenda ciscádelle as froes e que ila recolla n'os [illexible] a cativa ofrenda [illexible]"

J. P. C.

Deseguida, segundo a mencionada crónica de Rey Alvite, "a instancias de los forasteros, hizo uso de la palabra el presidente de la «Xuventude Nazonalista de Santiago»,

Valentín Paz Andrade". O boletín decenal *A Nosa Terra* de 25 de abril de 1920 faise eco desta homenaxe, recollendo a meirande parte da intervención de Paz-Andrade:

A MOCEDA D'ESTRELAS

Homenaxe a Rosalía en Santiago

O brillante coro ourensano, "De Ruada", que acaba [de] recorrer trunfalmente Galicia, a-o seu paso po-la vella cibdade do Apóstol quixo rendir unha sinxela lembranza d'amore e admiración â mamoria inequivalente da cantora do Sar. Na mañá do domingo, 11, -derradeiro día da estancia do coro en Santiago-, foron os rapaces d'Auriabella até o moimento ergueito a Rosalía no Paseo da Bóveda, cuios arredores, habían sido tomados por imensidade de púbrico. Rubidos ó pedestal da estátua, o secretario do Coro Fabriciano Iglesias léu unha fermosa quarteta chea de sentimento e de emoceón, facendo ofrenda do homenaxe ó ruiseñor d'Iria. A lectura da bela prosa, trazada po-la pruma do irmán Posada-Curros, foi seguida d'unha longa salva d'aprausos.

A rogo dos ourensanos falou logo o Presidente d'activa "Xuventude Nazonalista de Santiago", noso amigo Valentín Paz d'Andrade, que fixo un valente e rexo discurso, do que reproducímol-as seguintes verbas:

«Coa y-alma alumiñada -dixo- i-o curazón tremolento d'amores, os mozos do esgrevio Coro "De Ruada" acoden hoxe rente âs aras do altar da Pátria Galega. Chegan en romaxe de sentimento i-en pelengrinación de fé a-os pés da "Santiña da nosa Poesía" pra rescibir a comunión espiritual das lumes milagreiras do xenio da raza».

«Iles traen tecidas con repínicos da gaita, salayante ou cantareira, toda-las tenruras, melodías e ledicias da arte da saudade, e nos ecos das suas cántigas os novos "airiños" que corren agora rizando os verdores risoños das campías, os xiróns

latexantes da y-alma do pobo, as ergueitas e variles arelas dos "bós e xenerosos"». (Aprausos).

«A Galicia vella, embruxada e serva, o chán malhadado das meigas, dos entangarañados; a Galicia aldraxada dos "casteláns de Castela", esmorece, morre. Sobr'as suas cinzas quentes, xurde e medra, entroques, a Galicia nova, luminosa e ceibe, conscente dos seus dreitos, dona da sua personalidade, que, pouco a pouco, paseniñamente, vai esnaquizando as prantas alleas asoballadoras da terra (Aprausos). A esta Galicia nova, compre esta arriscada xuventude. Non a xuventude doente de parálisis mental; non a xuventude dos tolleitos d'esprito; non a xuventude dos afemiados ou dos asesuales. Non. Eis a xuventude anovada e forte, rebelde e conqueridora d'entendemento aberto a toda-las modernas vibracións do pensamento e curazón ategado de fogo pasional».

«Rosalía, musa e nai, santa e dona dendo o paradiso da tua gloria, alenta cun soplo do teu numen os azos d'esta mocidade loitadora; tende unha man de bendición santificante ôs que cantan a-os teus pés».

O público premiou c'unha gran ovaceón as derradeiras verbas do distinguido estudante da Universidade Galega e, seguidamente, as hermosas donicelas do Coro cubriron de feixiños de froles a base do moimento.

Tan sinxelo coma patriótico auto finóu cantando o Hino da raza, entre aclamacións e vítores da concurrencia.

Este simpático rasgo dos rapaces de "De Ruada" é merecente das loubanzas de todo-los amantes das glorias da terra.



Valentín Paz-Andrade, licenciado en Dereito (1921).
[Cortesía da revista *Industrias Pesqueras*]

Valentín Paz-Andrade,
no centro, cun grupo de com-
pañeiros da Facultade
de Dereito (1918).

[Cortesía da revista
Industrias Pesqueras]



Chegados a este punto, paréceme oportuno traer a estas páxinas as palabras do propio Paz-Andrade en relación co CORO DE RUADA moitos anos máis tarde, pouco antes do seu pasamento. Para iso, temos que acudir ao libro de Tucho Calvo titulado *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, publicado por primeira vez en 1998. En primeiro lugar, falando do ambiente socio-político e cultural en Compostela nos seus anos de estudante de Dereito, manifesta:

Ao redor do ano vinte, residenciouse en Sant Iago Camilo Díaz Baliño. Procedía da Coruña, onde fora cofundador das Irmandades da Fala. Algún atribuíulle unha primeira filiación carlista. Era espírito xeneroso, aberto a todas as ideas, si ben afevoadado pol-as súas. Montou o seu estudo de decoración, sospeito que axudado pol-o empresario Isaac Fraga, na Rúa das Hortas. Alí era visitado por amigos e irmaos na causa. Castelao era un d-eles. Ademais de outras obras, fixo decorados para o Coro de [De] Ruada, de Ourense, que contribuíron a remedrar súa sona de artista. Fun seu amigo, desde aquele tempo lonxano e lumioso, até a hora moura do trinta e seis, na que foi afogada en chumbo a súa vida florecente.

Máis adiante, comparando as súas vivencias deses anos de estudante en Santiago e os tempos nos que se produce a entrevista de Tucho Calvo (mediados dos anos oitenta), Paz-Andrade explica:



Cando menos a capacidade de diálogo, que é por onde se ten que escomenzar, era a mais viva e aberta



Foto actual da casa da Rúa das Hortas nº 37,
na que Camilo Díaz Baliño tiña o taller.

[Foto erp]

Anverso e reverso da bandeira, obra de Camilo Díaz Baliño, coa que Isaac Fraga agasallou ao CORO DE RUADA, no teatro Jofre de Ferrol.
[Foto erp]



que na hora de hoxe, e non digamos nos anos ensombrecidos. Quero engadir algo metendo a Ourense na órbita. Foi un primeiro gromo da cidade das caldas, que despois sería berce da xeración "Nós". Refírome á constitución do coro de [De] Ruada, presidido por Xavier Prado (Lameiro) e dirixido por Daniel González.³ A súa primeira saída foi a Sant Iago⁴, onde o noso grupo⁵ acolleu con quentura a lírica embaixada. Non sei se tanto pol-o seu rango artístico como pol-a beleza de algunhas coristas⁶. Que por boas mozas, como Castelao diría, lle levantan o rabo ao propio can de San Roque.

Un domingo pol-a mañán, despois de actuar a noite anterior no teatro, o Coro quixo render un homenaxe a Rosalía, no monumento da Ferradura. Alí fomos, en

leda mesturanza, estudantes e coristas. Ao redor do monumento xuntáronse mais de cinco mil persoas. O acto foi enteiraamente oral. Primeiro as voces do coro e despois... a miña. Vinme empurrado para rubir ao pedestal, e queiras que non, a improvisar algunhas parrafadas louvatorias da musa do Sar. As primeiras e supoño que as derradeiras, e das que non gardo ningún eco na trastenda mental.

A continuación DE RUADA viaxa á Coruña, onde ofrece tres funcións no teatro Rosalía Castro, os días 12, 13 e 14, enchendo o teatro en tódalas funcións.

Os días 15 e 16 actuou no teatro Jofre de Ferrol, con gran éxito unha vez máis. Ao remate da segunda función, o Sr. Fernández, representante do teatro Jofre, en nome do

3. Xabier Prado "Lameiro" foi un dos fundadores do CORO DE RUADA, pero non foi presidente do mesmo até o ano 1924 (antes fora vicepresidente). O presidente nesa primeira época, entre 1919 e 1923, foi José Sabucedo Morales.

4. Como se puido comprobar ao longo deste traballo, esta afirmación é errónea.

5. Refírese á "Xuventude Nazionalista" de Santiago.

6. Débese ter en conta que, na altura de abril de 1920, o Coro DE RUADA era o único coro galego que contaba con voces femininas, o que engadiu un plus de expectación ás súas actuacións.

*Decorados de Camilo Díaz Baliño,
empregados polo Coro De Ruada
na súa primeira xeira galega.
[Vida Gallega, nº 144, de 25 de abril de 1920]*



empresario D. Isaac Fraga, agasalla ao CORO DE RUADA cunha artística bandeira pintada por Camilo Díaz Baliño no seu taller santiagués da rúa das Hortas.

Como pode apreciarse nas fotografías, a bandeira leva, polo anverso, o escudo de Galicia e a lenda "Terra a nosa", e polo reverso a seguinte inscrición:

"Pra vos, coro De Ruada, a empresa Fraga pra lembranza do voro [voso] arte, adicavos este pendón. -Compostela, MCMXX."

O sábado, día 17, o CORO DE RUADA pecha a súa xeira galega no Teatro-Circo de Lugo cun novo éxito.

A xeira rematará cun multitudinario recibimento na estación do tren de Ourense por parte de autoridades, asociacións, banda de música, coro "Os Enxebres", bombas de palenque, desfile polas rúas de Ourense, recepción na casa do Concello, discursos..., e grandes mostras de cariño do pobo ourensán.